

Código do documento	Código do expediente
USG13101CQ	USG/2019/236
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
2X3M 2Q1O 0T3E 126T 0Q87	

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 26 DE NOVEMBRO DE 2019.

PRESIDENTE:

A alcaldesa en funcións, D.^a María Guadalupe Pombo Carril

ASISTENTES:

D.^a Diego Antonio Taibo Monelos
D.^a Marta María Figueroa Fuentes
D. Juan Carlos Iglesias Lovelle
D.^a Marta María Iglesias Becerra
D. Carlos Liñares Gestal
D.^a Yessica Méndez Sánchez

INTERVENTORA MUNICIPAL:

D.^a Vanesa García Barreiro

SECRETARIA XERAL

D.^a Pilar María Pastor Novo

Na Casa Consistorial do Concello de Culleredo (A Coruña), sendo as trece horas e trinta e cinco minutos do día vinte e seis de novembro do ano dous mil dezanove, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria baixo a Presidencia da Sra. alcaldesa en funcións, D.^a María Guadalupe Pombo Carril, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as, D. Diego Antonio Taibo Monelos, D.^a Marta María Figueroa Fuentes, D. Juan Carlos Iglesias Lovelle, D.^a Marta María Iglesias Becerra, D. Carlos Liñares Gestal e D.^a Yessica Méndez Sánchez.

Asiste á sesión a Sra. Interventora municipal, D.^a Vanesa García Barreiro.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria xeral do Concello, D.^a Pilar María Pastor Novo, que da fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 107 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP núm. 162 do 16-07-2004) para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

C.I.F. P-1503100-H

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA O DÍA 19 DE NOVEMBRO DE 2019.

De conformidade co preceptuado no artigo 79.1 e 107.4 do ROM, (BOP núm. 162 do 16-07-2004) a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión extraordinaria celebrada o día 19 de novembro de 2019, da que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión extraordinaria realizada o día 19 de novembro de 2019.

2.- DACIÓNS DE CONTA.

2.1.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS. PUBLICACIÓNS OFICIAIS.

A Presidencia dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

- Resolución do 7 de novembro de 2019, da Consellería de Política Social -Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado-, pola que se publica a Resolución do 30 de outubro de 2019 do procedemento BS324A de concesión de subvencións individuais de mobilidade para a mocidade galega destinadas ao Programa de mobilidade transnacional xuvenil Galeuropa, dirixido ás persoas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil con cargo ao Programa operativo de emprego xuvenil, e se procede á súa convocatoria para o ano 2019. DOG núm. 221 do 20-11-2019.
- Orde do 10 de outubro de 2019, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, de aprobación das normas técnicas de planeamento urbanístico de Galicia. DOG núm. 224 do 25-11-2019.
- Orde do 15 de novembro de 2019, da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se fai pública a ampliación da dotación orzamentaria para a concesión das axudas establecidas na Orde do 13

Código do documento	Código do expediente
USG13I01CQ	USG/2019/236
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
2X3M 2Q1O 0T3E 126T 0Q87	

de agosto de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras de axudas a centros especiais de emprego co fin de promover a integración laboral das persoas con discapacidade, e se procede á súa convocatoria para as anualidades 2018-2019. DOG núm. 225 do 26-11-2019.

- Resolución do 15 de novembro de 2019, da Consellería de Economía, Emprego e Industria -Secretaría Xeral de Emprego-, pola que procede á publicación da reasignación dos créditos orzamentarios recollidos na Orde do 13 de agosto de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras de axudas a centros especiais de emprego co fin de promover a integración laboral das persoas con discapacidade, e se procede á súa convocatoria para as anualidades 2018-2019. DOG núm. 225 do 26-11-2019.
- Orde do 22 de novembro de 2019, da Consellería de Sanidade, pola que se determinan os servizos mínimos durante a folga que afectará determinado persoal da Atención Primaria do Servizo Galego de Saúde os días 27 e 28 de novembro de 2019. DOG núm. 225 do 26-11-2019.
- Resolución do 31 de outubro de 2019, da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade -Dirección Xeral de Mobilidade-, pola que se acorda publicar as disposicións normativas do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal do Centro Loxístico de Transportes de Culleredo (A Coruña) e das súas modificacións. DOG núm. 225 do 26-11-2019.
- Anuncio do 6 de novembro de 2019, do Concello de Culleredo, relativo á delegación, na concelleira D.ª María Penélope López Díaz, do exercicio da competencia para a celebración do matrimonio civil entre J.C.T. e P.V.F. o día 05-10-2019 ás 10.00 horas e entre I.F.Q.Y. e C.A.G.C. o día 05-10-2019 ás 19.00 horas. BOP núm. 222 do 21-11-2019.
- Anuncio do 29 de outubro de 2019, do Concello de Culleredo, relativo á delegación das funcións da alcaldía na primeira tenente de alcalde, D.ª María Guadalupe Pombo Carril, os días 29, 30 e 31 de outubro de 2019. BOP núm. 222 do 21-11-2019.

C.I.F. P-1503100-H

2.2.- RESOLUCIÓNS E ACTIVIDADES DAS DISTINTAS CONCELLARÍAS DELEGADAS.

2.2.1.- O Sr. Iglesias Lovelle dá conta á Xunta de Goberno Local da realización das seguintes actividades pola Concellería delegada de Desenvolvemento Local, Cultura, Festas e Turismo:

“ACTIVIDADES CULTURAIS

XOVES 28 DE NOVENBRO

Edificio de Servizos Múltiples do Burgo. 19.00 h:
CULLERCHEF: Degustación para as familias.

VENRES 29 DE NOVENBRO

Biblioteca “Cardeso Liñares” de Vilaboa. 18.30 h:
Contacontos coa Dragona Ramona: *Daniela pirata*.
Nenos/as a partir de 3 anos. Entrada de balde.

VENRES 29 DE NOVENBRO

Auditorio do Edificio de Servizos Múltiples do Burgo. 20.30 h:
Malasombra Teatro: *Bernarda*.
Entrada de balde. Recollida de invitacións dende unha hora antes da función.

SÁBADO 30 DE NOVENBRO.

Aula de Natureza “Juan Lembeye Lartaud” do Xardín Botánico do Burgo.
XORNADA 130º ANIVERSARIO DA MORTE DE JUAN LEMBEYE LARTAUD.

Programa:

17.00 h: Inauguración da Xornada.

17.15 h: “Os primeiros anos de Juan Lembeye Lartaud en Cuba”, a cargo de Carlos Pereira Martínez, historiador do Concello de Culleredo.

18.00 h: "Na procura das aves de Lembeye: un periplo primaveral por Cuba", por Cosme Damián Romay, Atocha Ramos e Orestes Martínez "El Chino Zapata", naturalistas.
19.00 h: Clausura.

CAMPAMENTO MAÑÁS DE NADAL. S.O.S. SALVEMOS A TERRA

*A Terra grita pedindo axuda. Remata o 2019 e queda pouco tempo. Debido á contaminación, os seus mares e bosques están desaparecendo e soamente poderá salvarse se entre todas e todos superamos unha serie de retos. A través do xogo en equipo, os nenos e nenas **reciclarán, reutilizarán e reducirán** todo tipo de materiais e así poderán axudar á Terra a vivir máis anos.*

Os días da actividade serán o 23, 26, 27 e 30 de decembro e 2 e 3 de xaneiro no CEIP Vila de Rutis.
Horario do Campamento: de 9:00 a 14:00 h.

OPCIÓN E TARIFAS:

Tarifa normal: Empadroados: 42 euros. Non empadroados: 84 euros
Segundo fillo: Empadroados: 33,60 euros. Non empadroados: 67,20 euros
Familia numerosa (por participante): Empadroados: 21 euros. Non empadroados: 42 euros.
Almorzo de 7:30 a 9:00 h: 3 euros/día. Xantar de 14:00 a 16:00 h: 36 euros.
Servizos non municipais. Haberá que concertalos no teléfono 679742906.
A matrícula farase coa entrega do boletín no Edificio de Servizos Múltiples do Burgo entre o venres 29 de novembro e o xoves 5 de decembro horario de 9:00 a 14:00 h.
A actividade está dirixida a nenas e nenos de entre 3 e 12 anos.
Estará limitada a 80 prazas.
Para a matrícula de nenos/as con capacidades diferentes ou especiais haberá que consultar as condicións de inscrición.
Terán preferencia as/os nenas/nenos empadroadas/os en Culleredo.
Número de conta Abanca: ES0820800065313110000137
Bonificación do 50 % por familia numerosa e do 20 % no segundo irmán.
No momento da matrícula haberá que entregar o boletín de inscrición e unha vez confirmada a praza o xustificante bancario do aboamento do importe da actividade, onde a persoa ordenante sexa a nena ou o neno inscrito.
Haberá unha reunión informativa o día 19 de decembro ás 20:00 h no Edificio de Servizos Múltiples do Burgo."

C.I.F. P-1503100-H

2.2.2.- A Sra. Méndez Sánchez dá conta á Xunta de Goberno Local da realización das seguintes actividades pola Concellaría delegada de Participación Cidadá, Educación e Medio Rural:

" ACTIVIDADES DE EDUCACIÓN

PROGRAMA MUNICIPAL EDUCACULLEREDO 2019-2020.

A) ACTIVIDADE: Teatralízate: *Bernarda*.
Programa: Educación musical e artística.
Datas: 29 de novembro.
Horario: de 12:00 a 13:30 h.
Centros participantes: IES Blanco Amor, IES Rego de Trabe e IES Universidade Laboral.
Curso: 1º de bacharelato.
Nº participantes: 200.
Lugar: Salón de actos do Edificio de Servizos Múltiples."

2.2.3.- O Sr. Liñares Gestal dá conta a Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións da Concellaría delegada de Medio Ambiente, Obras e Servizos:

"

Código do documento	Código do expediente
USG13I01CQ	USG/2019/236
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 2X3M 2Q1O 0T3E 126T 0Q87	

- Resolución núm. 1841 de data do 06/11/2019, pola que se require á D. B. M. V. R. a retirada do vehículo abandonado na vía pública, R/. Templarios, núm. 16, que ten a matrícula C-6684-BW.
- Resolución núm. 1899 de data do 19/11/2019, pola que se resolve informar favorablemente a autorización interurbana para exercer o servizo de transporte colectivo urbano co vehículo matrícula 3397KZZ, en substitución do vehículo coa matrícula 8431GNG, para a licenza de taxi núm. 34.
- Resolución núm. 1900 de data do 19/11/2019, pola que se aproba o Plan de seguridade e saúde para a obra de "Rehabilitación do pavimento na R/. Álvaro de Mendaña e na R/. San Fernando – Concello de Culleredo".
- Resolución núm. 1912 de data do 19/11/2019, pola que se concede o permiso de vertedura ao sistema público da rede de sumidoiros á actividade de fabricación de rótulos PROYECTOS IMCOR 2012, SLL, situada na R/. A, nave A-27 do polígono industrial de Alvedro.
- Resolución núm. 1916 de data do 19/11/2019, pola que se require á D.ª M. de la P. M. G. a retirada do vehículo abandonado na vía pública, na R/. Templarios núm. 10, que ten a matrícula 2081FMN.
- Resolución núm. 1917 de data do 06/11/2019, pola que se require á D.ª P. M. R. a retirada do vehículo abandonado na vía pública, R/. Andrés Gaos, núm. 8, que ten a matrícula C-3922-BM.
- Resolución núm. 1919 de data do 19/11/2019, pola que se resolve ordenar ao herdeiros de F. O. M., como propietarios, a realización nos terreos situados na parcela coa referencia catastral 15031A01800034, da limpeza, tala e roza necesarios para o estado nas debidas condicións de seguridade e salubridade.
- Resolución núm. 1920 de data do 19/11/2019, pola que se concede á ASOCIACIÓN DAÑO CEREBRAL A CORUÑA (ADACECO), a licenza municipal para a reserva de vía pública para aparcadoiro, con 20 ml. na R/. Irmáns Suárez Ferrín, á altura do núm. 3, con horario laboral (de 8:00 h. Á 20:30 h.).
- Resolución núm. 1921 de data do 19/11/2019, pola que se ordena aos herdeiros de M. P. D., omo propietarios, a realización nos terreos situados na parcela coa referencia catastral 15031A01200357, da limpeza, tala e roza necesarios para o estado nas debidas condicións de seguridade e salubridade."

C.I.F. P-1503100-H

2.2.3.- A Sra. Pombo Carril dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións emitidas pola Concellería de Política Social, Mocidade e Promoción do Deporte:

“

**PRESTACIÓNS ECONOMICAS MUNICIPAIS DE EMERXENCIA E INSERCIÓN SOCIAL (PEEIS) de acordo ao vixente Regulamento de acceso ás prestacións económicas municipais de emerxencia para a inserción social (PEEIS) publicado no BOP nº 242 de 20 de decembro de 2013					
Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Obxecto da axuda	Importe
5/11/2019	1834	Concesion axuda económica	M.F.D.A.S.	Bono de alimentos tipo D, durante 6 meses e cunha entrega mensual. Bono de hixiene tipo B, durante 6 meses e cunha entrega mensual.	1.075,68€
5/11/2019	1835	Concesion axuda económica	A.G.S.	Pago de aluguer correspondente aos meses de xuño(250€), xullo(250€)agosto (250€), setembro (250€) e parte	1.075,00€

4 de 8

Código do documento	Código do expediente
USG13I01CQ	USG/2019/236
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 2X3M 2Q1O 0T3E 126T 0Q87	

C.I.F. P-1503100-H

				de outubro (75€).	
5/11/2019	1836	Concesion axuda económica	L.N.S.Q.	Pago de aluguer correspondente aos meses de maio (300€), xuño(300€), xullo (300€) e parte de agosto (175€).	1.075,00€
06/11/19	1840	Conceder unha axuda económica	C.A.H	Pago de alugueiro (400,00), correspondente ao mes de outubro 2019, que lle será aboada mediante talón bancario nominativo. Pago do recibo de auga (194,02€), correspondente ao 2º e 3º trimestre de 2019, que lle será aboada mediante folla de pedido ao proveedor. Pago do recibo de gas (418,8€), correspondente aos períodos desde o 09/10/2018 ata o 07/12/2018 e desde o 08/02/2019 ata o 11/04/2019 que lle será aboada mediante talón bancario nominativo.	1.012,40 €
06/11/19	1844	Conceder unha axuda económica.	G.A.B.P	Pagamento da fianza e o primeiro mes de alugueiro (500€) correspondente a 250€ de fianza e 250€ do primeiro mes de alugueiro.	500,00 €
13/11/2019	1861	Autorización, disposición, recoñecemento e ordenación de pago	F.R.B.I.	Pago recibo de auga correspondente ao 3º trimestre de 2019. Recibo de gas correspondente ao período do 9/8/19 ao 10/10/2019. Pago de electricidade correspondente ao período do 12/8/2019 ao 13/10/2019	63,08€ 33,84€ 63,07€

***TARXETA ESTACIONAMENTO conforme ao Real Decreto de 12 de decembro de 2014 polo que se regulan as condicións básicas de emisión y uso de de la tarjeta de estacionamiento para personas con discapacidad (BOE nº 309 de 23 de decembre de 2014)**

Data	Nº	TEMA	Persoa	Vixencia
------	----	------	--------	----------

da resolución	resolución		beneficiaria	
14/11/2019	1867	Conceder estacionamiento tarxeta	I.D.C.M.	10 anos
14/11/2019	1868	Conceder estacionamiento tarxeta	F.M.B.V.	10 anos
14/11/2019	1869	Conceder estacionamiento provisional tarxeta	I.D.S.G.	Ata o 15/02/2029
15/11/2019	1888	Denegar a tarxeta de estacionamiento provisional	M.E.M.	Non reúne as condicións establecidas no suposto de concesión excepcional previsto na disposición adicional primeira, punto 1
15/11/2019	1891	Denegar a tarxeta de estacionamiento	M.S.P.S.	Xa que non se recoñece a existencia de dificultades de mobilidade para utilizar transportes colectivos segundo consta no certificado do grao de discapacidade.

****SUBVENCIONS SOLICITADAS:**

C.I.F. P-1503100-H

Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Vixencia
28/08/19	1336	Conceder as subvencións ás asociacións/entidades que se detallan, para o financiamento das actuacións que se sinalan e na contía que se indican con cargo a aplicación orzamentaria 2315-48900.		

Conceder as subvencións ás asociacións/entidades que se detallan, para o financiamento das actuacións que se sinalan e na contía que se indican con cargo a aplicación orzamentaria 2315-48900.

Liña de actuación número 2: Promoción de servizos, programas, proxectos e actividades en materia de igualdade, corresponsabilidade, loita contra a violencia de xénero e dinamización empoderamento no ámbito da muller.

Entidade beneficiaria	CIF	Nome do servizo, programa, proxecto ou actividade	Contía subvención	Pago anticipo (80%)
Asociación de mulleres rurais "As Berenguelas"	G70507835	Proxecto de dinamización da muller no rural cullerdense.	1.350,00 €	1.080,00 €
Asociación de mulleres "A Xeca"	G15532575	Proxecto de mellora vital da muller cullerdense.	1.350,00 €	1.080,00 €

Código do documento	Código do expediente
USG13I01CQ	USG/2019/236
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 2X3M 2Q1O 0T3E 126T 0Q87	

Asociación de mulleres "Rosalia de Castro"	G15464357	Proxecto de dinamización e promoción da igualdade en Culleredo.	1.350,00 €	1.080,00 €
Totais...			4.050,00 €	3.240,00 €

Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Vixencia
28/08/19	1337	Conceder as subvencións ás asociacións/entidades que se detallan, para o financiamento das actuacións que se sinalan e na contía que se indican con cargo a aplicación orzamentaria 2315-48900.		

Conceder as subvencións ás asociacións/entidades que se detallan, para o financiamento das actuacións que se sinalan e na contía que se indican con cargo a aplicación orzamentaria 2315-48900.

Liña de actuación número 1: Promoción de servizos, programas, proxectos e actividades no ámbito dos servizos sociais.

C.I.F. P-1503100-H

Entidade beneficiaria	CIF	Nome do servizo, programa, proxecto ou actividade	Contía subvención	Pago anticipo (80%)
Asociación ABRENTE da comunidade de inmigrantes da Ponte Pasaxe	G15884117	Dinamización da poboación inmigrante de Culleredo.	1.350,00 €	1.080,00 €
Asociación de familiares de persoas con discapacidade intelectual pola promoción social (AFADIPS)	G15436975	Programa de ocio y tiempo libre Culleredo.	1.350,00 €	1.080,00 €
Asociación de nenos con déficit de atención con/sen hiperactividade (ANHIDA CORUÑA)	G70245717	Atención e información persoal a familias e profesionais con mozos/as con necesidades educativas especiais.	1.350,00 €	1.080,00 €
Asociación pro enfermos mentales (APEM)	G 15034176	Introducción das TICS en rehabilitación de persoas con enfermidade mental.	1.350,00 €	1.080,00 €
Asociación de pais de persoas con trastorno de espectro autista (TEA) (ASPANAES)	G15048937	Aulas terapéuticas: Equipamento e materiais actividades.	1.350,00 €	1.080,00 €

Código do documento	Código do expediente
USG13I01CQ	USG/2019/236
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 2X3M 2Q1O 0T3E 126T 0Q87	

Asociación de pais de nenos e persoas con discapacidades das mariñas coruñesas (DISMACOR).	G15820855	Servizo de información, valoración e orientación de persoas con diversidade funcional en Culleredo.	1.350,00 €	1.080,00 €
ONG MESTURA	G15940414	Programa de sensibilización para convivencia intercultural.	1.350,00 €	1.080,00 €
Asociación MOSAICO ICTUS	G70275359	Proxecto de apoio á poboación inmigrante de Culleredo.	1.350,00 €	1.080,00 €
Totais...			10.800,00 €	8.640,00 €

SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS BÁSICOS:

PROGRAMA V DE SOLIDARIEDADE E DINAMIZACION SOCIAL

*****Dinamización comunitaria:***

O sábado día 30 de novembro ás 17:30 no Conservatorio Municipal de Música O Burgo, a Area de Benestar social ten programado un Encontro de Corais, en honor a patroa da música Santa Icí. Neste concerto, con carácter de intercambio musical, participan: a Rondalla de Cedeira, a Coral Polifónica Aires de Carral, a Coral Polifónica Fonte do Souto de Culleredo e Agrupación Musical Voces Veteranas de Culleredo, cada unha delas interpretará 4 cancións con temática libre.

SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS ESPECIFICOS:

PLAN COORDINADOR DE SERVIZOS SOCIAIS DO CONSORCIO "AS MARIÑAS":

O sábado 23 de novembro, e integrada na campaña do concello de Culleredo contra a violencia de machista, os 8 concellos do consorcio confluirán na anual andaina de repulsa, que este ano transcurre polo termo municipal de Oleiros, na zona de Bastiagueiro, cos horarios e especificacions xa comunicados a esta XGL na dación de conta da Campaña."

C.I.F. P-1503100-H

3.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formulan.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as trece horas e corenta e nove minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e praxe
A alcaldesa en funcións,
(Asinado dixitalmente)

(Asinado dixitalmente)